



Campaña *DÍA DA NAI* 2024

Data inicio: 22 de abril.

Data final: 5 de maio.

Data sorteo: día 8 de maio ás 11.00 no local de Adeto.

Bases:

1.- PARTICIPANTES ASOCIADOS: todos os establecementos asociados a ADETO participarán nesta acción promocional.

2.- PARTICIPANTES NO SORTEO: no sorteo poden participar todos os clientes que compren no comercio asociado Tomiñés que participe nesta acción. A participación dos clientes neste sorteo supón a aceptación destas bases.

3.- PROCEDEMENTO: cada asociado contará cun cartón con números que os seus clientes cubrirán para participar no sorteo.

No recadro do número debe lerse claramente o nome e o teléfono de contacto do cliente.

Cada socio establecerá o seu criterio de compra mínima para participar no sorteo.

4.- CARTÓNS: Cada asociado disporá inicialmente dun cartón de 72 números.

5.- VIXENCIA E LUGAR PARA RETIRAR E CONSUMIR O "CHEQUE REGALO": A vixencia para recoller e consumir o cheque regalo ou o premio será de tres meses dende o día do sorteo. Neste caso, ata o 5 de agosto de 2024.

6.- NOTIFICACIÓN DO PREMIO: os premiados serán contactados telefonicamente. Ademais, comunicaremos aos asociados o nome do premiado e o establecemento onde conseguiu o premio.

7.- PREMIO: sortearanse 3 vales de desconto canxeables en establecementos asociados a ADETO.

- Un por valor de 50€ para gastar en comercios e sevizos.

- Un de 25€ para gastar en saúde e imaxe personal.

- Un de 25€ para gastar en hostalaría.

Só se entregará un vale por persoa e cada establecemento só poderá entregar un premio.

8.- ADETO resérvase a posibilidade de non entregar todos os vales no caso de que non haxa suficientes participantes que cumpran o procedemento descrito nestas bases.

9.- INTERPRETACIÓN: a interpretación das presentes bases correspóndelle a ADETO.

10.- As persoas gañadoras desta campaña, permitirán a publicación do seu nome na páxina web e redes sociais de ADETO así como á difusión das fotografías da entrega do vale nas propias redes sociais de ADETO.

Para calquera dúbida ou suxestión, non dubide en contactar nos teléfonos
698 19 37 29 - 986 09 89 02 ou no mail info@adeto.es